

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de agosto de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Dª Isaura Abelairas Rodríguez
Dª Elena Maure Noia

Invitados:

Dª Raquel Díaz Vázquez
Dª María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

Dª Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
Dª Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1298).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta das sesións ordinarias do 9 e 16 de xuño. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1299).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO NO EXERCIZO 2008. EXPTE. 34539/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Acción Social, do 21.08.08, conformado pola concelleira-delegada de dita área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, NIF G 15629629 para levar a cabo proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento, e de solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ó desenvolvemento, para o exercicio 2008.

2º.-Aprobar o gasto por un importe total de 64.000 euros, con cargo á 3130. 4800001 de Benestar Social, “Axuda o Tercer Mundo ou a súa bolsa xurídica de vinculación no seu caso.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO NO EXERCICIO 2008.

En Vigo, a de de 2008

COMPARECEN

A Delegada da Área de Benestar Social, Maria Xosé Mendez Piñeiro, segundo nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Doutra, o Sr. D. Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ó expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións

EXPOÑEN

Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismo homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódolas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismo concurrentes para a súa consecución, ambas partes intervintes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo na financiación da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e de solidariedade que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2008.

Segunda.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo ós proxectos de cooperación ao desenvolvemento “ Mellora das condicións de habitabilidade e salubridade de 15 familias Totogalpa, Nicaragua, e de “ Apoio a Misión de identificación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en Monzambique garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

Terceira.- De acordo co o artigo 29 da Lei Xeral de Subvencions (LXS), o Fondo Galego podera concertar con terceiros a execucion de actividades que constitúen o obxecto da subvención ata un máximo dun 90%. Así mesmo o Fondo Galego tera as obrigas previstas no convenio mais as consignadas no artigo 14 da LXS.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en SESENTA E CATRO MIL EUROS (64.000 euros). O Concello de Vigo comprométese a aportarllos con cargo á partida orzamentaria 3130.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións, para a mesma finalidade sempre que o importe global non supere o custe total do proxecto/s obxecto de subvención. No caso de cofinanciamiento dun proxecto por varias administracións, farase constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

Quinta.- A vixencia do presente convenio será ata o 20 de decembro de 2008, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicos designados polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

Sexta.- O Concello de Vigo designará un Técnico/a municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garante o seu seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Séptima.- Prazos de Pagamento

O pagamento farase efectivo en dúas fases:

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

O 50% da cantidade anual a sinatura do convenio entre as partes .

O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado polo fondo galegos de cooperación para o exercicio da subvención.

O Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento comprométese a presentar antes do día, 20 de decembro do 2008 xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

3. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividade subvencionada para o que a contraparte local do país onde se ten executado o proxecto, certifique o gasto realizado e sexa certificafo igualmente polo Fondo Galego de Cooperación
- Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.

4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

Octava.- Xustificación da subvención

Para poder percibir o pagamento do 50% final da subvención concedida, a entidade beneficiaria presentará a documentación xustificativa no rexistro do Concello de Vigo antes do día 20 de decembro de 2008.

A comprobación da subvención corresponderalle ó técnico designado na cláusula sexta, será o encargado do seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimento por parte da entidade asociativa, procederáse á súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ó Concello as contías aboadas, con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despushera.

Decimas .- As lagoas ou diverxencias que poideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraránse, interpretaríanse e resolveríanse motivadamente polo órgano concedente previo informe de la comisión paritaria, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdiccionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

Undécima.- A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencions de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

3(1300).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICO-PEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL. EXPTE. 34716/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 15.07.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social, a concelleira-delegada de dita área, a concelleira-delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, o interventor xeral acc- tal. e a xefa do Servizo de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación Plan Comunitario de Teis, para o desenvolvemento dun proxecto de intervención psicopedagóxica, lúdica e social para nenos e nenas de seis a doce anos do barrio de Teis.

2º.- Aprobar o gasto de 42.050- (corenta e dous mil cincuenta) euros, importe total do citado convenio, que se fará con cargo ás seguintes partidas e do xeito seguinte:

- > 21.000.- € con cargo á partida 313.0.226.08.06. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación, dos cales, 9.000.- € imputaranse ao exercicio de 2008 e 12.000,. € ao exercicio do 2009.
- > 12.850.- € con cargo á partida 4520.227.06.12 de Xuventude;, dos cales 6.425.- € imputaranse ao exercicio do 2008 e 6.425.- € ao exercicio de 2009.
- > 5.200.- € con cargo á partida 4632.227.06.06 de Igualdade ou a súa bolsa de vinculación, dos cales 2.600.-€ imputaranse ao exercicio de 2008 e os outros 2.600.- € ao exercicio de 2009, e
- > 3.000.- € con cargo á partida 4633.226.02.01 de Normalización Lingüística ou a súa bolsa de vinculación que se imputarán ao exercicio de 2008.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS
PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL*

Vigo, de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Mª Xosé Méndez Piñeiro, Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo e Dna. Iolanda Veloso Ríos, Concelleira – Delegada das Áreas de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, nomeadas por decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

doutra

D. Eduardo García Crespo, con DNI. 36046911 - T, presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30º dos estatutos da asociación, que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención da infancia en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, os servizos de xuventude e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evitar a inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación das nenas e nenos con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende estas Concellerías .

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos e das menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo presentado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase sen embargo, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, en concreto as dirixidas ós máis pequenos, téñense amosado como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, di no seu artigo 3º, principios reitores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).

7.- No artigo 7 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, en referencia ó establecemento de programas preventivos de carácter comunitario, dise que a fin do establecemento dos mesmos, faise co fin de “incrementar a solidariedade social e unha valoración positiva da saúde e benestar individual e colectivo, potenciando a diminución de desigualdades sociais e factores de marxinação favorecedores do consumo de drogas”

8.- Nos estatutos da Asociación Plan Comunitario de Teis, no artigo 5º, fanse constar entre os obxectivos a acadar: “a) fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais”; “e) desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura...”e benestar”;” f) fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten”;”g) realizar todo tipo de intervención lexítima para mellorar a calidade de vida dos cidadáns”.

9.- O Concello de Vigo reconece á Asociación Plan Comunitario de Teis, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con esta, e pola súa participación en proxectos conxuntos con esta administración (como o Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo) valoradas tecnicamente polo persoal municipal.

10.- Este convenio queda fóra do ámbito da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, por figurar excluído no artigo 4 da citada Lei.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecendo expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribir o presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira : O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre seis e doce anos do barrio de Teis, preferentemente, a través de apoio psicopedagóxico, lúdico e social tentando previr situacións de risco mediante a execución das actividades e servizos que se describen a continuación na cláusula terceira.

Segunda : A finalidade do convenio é desenvolver polo período de tempo que abarca dende o día da súa sinatura ata o 31 de maio de 2009, unha serie de actividades centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer dos nenos e nenas destinatarios do proxecto.

Terceira.- A Asociación Plan Comunitario de Teis, no marco do Programa de Intervención psicopedagóxica, lúdica e social, desenvolverá as seguintes actuacións enmarcadas en diferentes áreas:

- *ÁREA 1:* Apoio educativo mediante a realización de actividades que lles permitan adquirir valores, actitudes e habilidades sociais útiles nas relacións interpersonais.
- *ÁREA 2:* Apoio escolar que consistirá na adquisición de hábitos de estudo mediante a realización das tarefas escolares coa supervisión de persoal especializado e a posible colaboración de voluntarios/as.
- *ÁREA 3:* Espazo de xogo dirixido, actividades lúdico-educativas, propiamente ditas, e campamentos vacacionais.
- *ÁREA 4:* Integración nas actividades de lecer que se levan a cabo no Plan Comunitario de Teis.

Con carácter transversal a todas as accións de apoio, incorporando cos nenos e nenas unha perspectiva de xénero na que se traballe, entre outros aspectos, o fomento da corresponsabilidade doméstica, a visibilidade das achegas das mulleres á Historia, as desigualdades de xénero que aínda perduran na nosa sociedade e, a eliminación de roles e estereotipos sexistas.

Para o desenvolvemento destas actuacións a Asociación Plan Comunitario de Teis se compromete a dotarse do persoal técnico necesario, que acredite suficiente preparación e experiencia para a xestión dos mesmos.

Cuarta : As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido do traballo cos nenos e nenas, en particular no canto á prevención e tratamento das condicións de inadaptación e/ou violencia cos máis novos e o seu contorno inmediato, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

A Asociación Plan Comunitario de Teis, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións conveniadas.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisar o cumprimento das fins do proxecto, e facilitar a realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula novena.

Quinta: Serán destinatarios directos do proxecto os nenos e nenas de seis a doce anos do barrio de Teis, derivados polo equipo do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, polas profesionais de Atención Primaria, tanto do Concello como do sistema sanitario, polos centros educativos e polo centro de información á muller.

Sexta: Terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de maio de 2009.

Sétima: A dotación económica para a execución do proxecto obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo.

A dotación económica para a totalidade do convenio será de 42.050.- (corenta e dous mil cincuenta) euros, a financiar con achegas de catro Concellerías:

- *A Concellería de Benestar Social aporta unha cantidade de 21.000.- (vinte e un mil) euros con cargo á partida partida 3130.226.08.06 – programa menores - convenio infancia, ou a súa bolsa de vinculación.*
- *As Concellerías de Xuventude, Igualdade e Normalización aportan 21.050.- (vinte e un mil cincuenta) euros, desagregado do xeito seguinte:*
 - *Xuventude: 12.850.- (doce mil oitocentos cincuenta) euros, con cargo á partida 4520.227.06.12.*
 - *Igualdade: 5.200.- (cinco mil douscentos) euros, con cargo á partida 4632.227.06.06 – subvencións - , ou a súa bolsa de vinculación.*
 - *Normalización: 3.000.- (tres mil), con cargo á partida 4633.226.02.01 – subvencións a entidades privadas-, ou a súa bolsa de vinculación.*

Oitava: A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Novena: Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias nomearase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por catro representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un/unha representante do Concello de Vigo.

Por parte do Concello os representantes serán: a Concelleira-Delegada de Benestar Social ou persoa en quen delegue e as técnicas dos Departamentos de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística responsables do proxecto..

Décima: A difusión do proxecto será por conta da entidade beneficiaria, Asociación Plan Comunitario de Teis, agás o que se indica na cláusula décimo cuarta.

Undécima: A entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

A Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Duodécima: Polo presente convenio, a Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a:

a – Desenvolver as actividades, proxectos, ou accións que se especifican na cláusula terceira, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñer os medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento daquelas e incorporar no equipo técnico persoas con formación en xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e, favorecer a formación continua neste eido a todo o equipo.

c – - Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

d - Presentar ao Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ao correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f - Dispor os medios para que todas as actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen. Nesta tarefa utilizar unha linguaxe e imaxes non sexistas e empregar guías e demais ferramentas educativas e lúdicas que promovan a coeducación entre nenas e nenos beneficiarios así como coas familias como beneficiarias indirectas das accións contempladas neste convenio.

h - Atender as indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Aterse ás datas e condicións marcadas no clausulado.

j - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

k - Incluír os logotipos das Concellerías que participan no proxecto en toda publicidade ou documentación relacionada co mesmo.

Décimo terceira: O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a - Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b - Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.

c - Dispor os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.

Normas Complementarias:

Décimo cuarta: A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada pola entidade beneficiaria, Asociación Plan Comunitario de Teis, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Décimo quinta: Todos os materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Plan Comunitario de Teis.

Décimo sexta: O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Décimo sétima: Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Décimo oitava - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelación da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación Plan Comunitario de Teis a que non cumprira o acordado, suporá a cancelación dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financeira, no momento da cancelación.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo novena: O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un total de 42.050 (corenta e dous mil cincuenta) euros, presuposto total do convenio, con cargo ás partidas 3130.226.08.06 de Benestar Social, 4520.227.06.12 de Xuventude, 4632.489.00.00 de Igualdade e 4633.470.00.00 de Normalización Lingüística.

Imputarase ao exercicio de 2008 a cantidade de 21.025.- € e o resto, 21.025.- € imputarase ao exercicio de 2009.

Vixésima: O gasto máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respecta ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do gasto total indicado.

Vixésimo primeira: Con referencia ao pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financeira aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Plan Comunitario de Teis) unha cantidade inicial de 21.025.- (vinte e un mil vinte e cinco) euros, 50% do total, ao inicio do convenio, para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións.

O resto do importe da cantidade presupostada, 21.052.- (vinte e un mil vinte e cinco) euros, o 50% restante, será aboado en dous prazos: O correspondente ao segundo pago de 10.512,50.- (dez mil cincocentos doce con cincuenta) euros, o 25% do total, será tramitado unha vez que se teñan desenvolvido a metade das accións correspondentes, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto e debendo a entidade, neste momento, xustificar o 75% do convenio, o 25% ao que corresponde este pago máis o 50% adiantado á sinatura do mesmo.

O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 10.512,50.- (dez mil cincocentos doce con cincuenta) euros, o 25% restante, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización total do proxecto e memoria anual.

Os abonos excepto o primeiro realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentarán no rexistro xeral dirixidos a técnica do Departamento de Benestar Social, responsable do programa. A técnica informará sobre a xustificación económica facendo constar que o obxecto do convenio estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria que se achegará.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo, de de dous mil oito

4(1301).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INFRAVIVENDA RURAL Á CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO CORRESPONDENTE Ó EXPTE 34105/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 20.08.08, conformado pola ocnelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

O 13 de maio de 2008 publicase no DOGA a Orde de 29 de abril de 2008 pola que se aproban as bases e convócanse as subvencións aos concellos para resolver o problema da infravivenda rural.

No artigo 1 establece que esta disposición abre a convocatoria de subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva no ano 2008, para a solución das infravivendas rurais, de modo que as familias con

baixos ingresos que as habitan poidan acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

No artigo 3 pto.1 di “As familias que utilizan estas edificacións como vivendas deberán acreditar uns ingresos ponderados inferiores ao indicador público de efectos múltiples e a súa inscrición no padrón municipal”.

O prazo de presentación de solicitudes remataba o 30 de xuño de 2008.

O día 20 de xuño de 2008 D. Francisco Javier Rodríguez Puime solicita no rexistro xeral do Concello de Vigo acollerse a subvención da Consellería da Vivenda e Solo, para unha vivenda sita na rúa Redondo nº15 cunha superficie de 18,40 m² e un orzamento de obra de 63.233,92 euros.

Estando o prazo de presentación de solicitudes próximo a rematar preparase a proposta para a XGL sen poder realizar outras comprobacións, aprobándose o 23 de xuño de 2008.

Posteriormente recabase información da ITE figurando o citado inmueble da rúa Redondo como trastero.

O día 24 de xuño de 2008 a traballadora social de zona visita o inmueble comprobando que non se utiliza como vivenda, e que tal como se dicía na ITE tratase dun trasteiro, polo que non procede solicitar a subvención.

Polo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1- Deixar sen efecto o acordo da XGL do 23 de xuño de 2008 polo que se solicitaba a Consellería da vivenda e solo subvención a fondo perdido para infravivenda a nome de D. Francisco Javier Rodríguez Puime.

2º.- O previsto nos artigos 1, 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107, 109, 116, 117 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, artigos 52 da LRBRL (L.7/1985) e 209 e ss. do ROF (RD.2568/1986), o presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta Administración municipal no prazo de un (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contados dende aquela mesma data; sen prexuízo da interposición polo interesado de calquera outro que estime procedente conforme a Dereito”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1302).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 4/1875, 23/694, 11/1805, 23/1943, 23/1984, 3/2052, 3/1841, 3/805, 3/2006, 3/1719, 14/1215, 23/1832, 2/2278, 2/2119, 2/240, 2/2121, 2/2105, 2/2106, 2/1719.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-proposta da traballadora social responsable do Programa conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. María Bouzón Bouzón. Expte. 23/1832.
- D^a. Sara Fente Fernández. Expte. 2/2278.
- D. Prudencio Costas Costas. Expte. 2/2119.
- D^a. María Mercedes Oitaven Novoa. Expte. 2/240.
- D^a. Nelly Susana Garzonio de Elvera. Expte. 2/2121.
- D. José Chenlo Couselo. Expte. 2/2105.
- D. Pedro Antolín Aguado. Expte. 14/1215.

- D^a. Esther López Puga. Expte. 2/1719.
- D^a. María Castro Moares. Expte. 2/2106.
- D^a. Nieves Cue Acuña. Expte. 4/1875.
- D^a. Carmen Vázquez Vargas. Expte. 23/694.
- D^a. Concepción Rodríguez Martínez. Expte. 11/1805.
- D^a. Francisca Vicenta Arca Lima. Expte. 23/1943.
- D^a. Mercedes Almeida García. Expte. 23/1984.
- D^a. M^a José Lago Fernández. Expte. 3/805.
- D^a. Rosario Fernández González. Expte. 3/1841.
- D^a. Jesusa Pérez López. Expte. 3/2052.
- D^a. Ramona Salgado Novelle. Expte. 3/1719.
- D^a. Amalia Yoldi Vázquez. Expte. 3/2006.

6(1303).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA ORGANIZAR A SEGUNDA EDICIÓN DA “VOLTA + NOV@S” NO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 7975/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.08.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Federación Galega de Ciclismo, en coordinación coa Fundación Ciclismo Galego e o equipo Galego Karpin Galicia, a organizar o vindeiro martes 26 de agosto de 2008, a segunda edición da “VOLTA + NOV@S”, dita proba comenza ás 17.30 horas e rematará ás 20.00 horas, cun percorrido polo Paseo de Rosalía de Castro que se atopa no Parque de O Castro

7(1304).- CONVALIDACIÓN DE GASTO DA FACTURA DO MES DE MAIO DE 2008 DO SERVIZO NA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS POLO “GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER-ALECRÍN”. EXPTE. 3524/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 31.07.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 24.07.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 13/2008 do “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 3 de xuño de 2008, por un importe total de 16.805,71€, en concepto de pernoctas, cota fixa e diñeiro de peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de maio de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” e bolsa de vinculación xurídica do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 16.805,71 €, en concepto de pernoctas, cota fixa e peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de maio de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” e bolsa de vinculación xurídica do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

3º.- Aboar ao “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G 36.633.154, por un importe total de 16.805,71€, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” e bolsa de vinculación xurídica do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.”

8(1305).- RECOÑECEMENTO DE INVESTIMENTOS REALIZADOS POLA ENTIDADE CONCESIONARIA DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA AQUALIA-FCC-VIGO. EXPTE. 101054/140

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 8.08.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 24/07/2007, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade concesionaria do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, AQUALIA-FCC-VIGO-UTE solicita o recoñecemento das inversións efectuadas a 31 de marzo de 2007, en cumprimento dos distintos acordos adoptados por esa Administración Municipal.

En contestación a devandita petición esta xefatura emite o seguinte INFORME:

I. CONSIDERACIONES EN RELACION CO PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO-ADMINISTRATIVAS, QUE REXIU O CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESION.

Examinados, na súa integridade, o contido do contrato de xestión integral do “Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, subscrito con data 8 de xaneiro de 1991, así como o Prego de Condições Económico-Administrativas que rexiu o concurso para a concesión da referido xestión integral, aprobada polo Pleno de Concello en sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 1990, hai que significar o seguinte:

1. Obxecto do contrato:

- a) *Segundo o teor literal da CLAUSULA PRIMEIRA do CONTRATO reseñado “Es objeto de este contrato la prestación, en régimen de concesión administrativa, de la gestión íntegra del “Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo”, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que sean necesarias, en los términos y condiciones previstos al efecto en el Pliego de condiciones de licitación...”.*
- b) *Pola súa banda, o Prego ó que se remite o contrato reseñado, e que por tanto forma parte integrante do mesmo, refire tamén literalmente na súa CONDICION PRIMEIRA, con respecto o obxecto de contratación “1. Es objeto del presente contrato, que el Excmo Ayuntamiento de Vigo convoca mediante concurso público la adjudicación integral del Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que fueran necesarias y que de modo orientativo, se reflejan en el Plan de inversiones... en la modalidad definida en el apartado a) del punto 2 del artículo 114 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales de 17 de junio de 1955 (La construcción de una obra o instalación y la subsiguiente gestión del servicio a que estuvieran afectadas...), de acuerdo con las determinaciones del presente Pliego”.*

Así pois da literalidade de ambos documentos, Lei entra as partes, infírese xa inicialmente que:

- *E a xestión integral do servizo o que se encomenda á concesionaria, cualificativo que se resalta por canto que define un alcance totalitario con respecto do que poida relacionarse coa explotación de dito servizo, coas especificacións e, segundo os procedementos, que en adiante se detallarán.*
 - *A remisión normativa que se conteñ na primeira das condicións do Prego, e pola que se concreta unha específica modalidade de concesión – artigo 114.2.a) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais – implica igualmente a inclusión na xestión concedida da construción de determinadas obras e instalacións.*
- 2. A ampliación da infraestrutura:**
- a) *A CONDICION 23 DO PREGO DE CINDICIONS refire que “Las obras de ampliación, renovación y/o mejora de la infraestructura del Servicio de Abastecimiento de Agua y Saneamiento a la ciudad de Vigo serán por cuenta del concesionario, quien las realizará de la forma y con los medios que considere*

oportunos en cada momento, en función de los Programas de Inversión aprobados de común acuerdo entre el Ayuntamiento y el Concesionario, en cada momento".

- b) *Pola súa banda, a CONDICION 24ª impón que "Para la ejecución de las obras el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras.*

Dicho Programa de Inversiones, una vez aprobado por el Organo competente de la Corporación, le será comunicado al Concesionario para que proceda a su realización".

- c) *E unha nova mención as renombradas obras de ampliación da infraestrutura encontrámola na CONDICIÓN 71ª.2, onde se recolle que "El Concesionario para la ejecución tanto de las obras definidas en el Plan de Inversiones, como las señaladas en la CONDICION 23ª del presente Pliego de condiciones, ..."*

Visto o contido de tales preceptos contractuais, novamente a literalidade, pero esta vez de forma máis específica, nos pon de manifesto que a execución, pola Concesionaria, das obras de ampliación, renovación e/ou mellora da infraestrutura do servizo, aínda que non determinada, esta prevista polo Prego de Condicións, sendo a posibilidade da súa encomenda a dita adxudicataria unha potestade do Concello.

3. Repercusión dos custes das citadas obras:

Recordemos que a CONDICION 24ª impón que "Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, suponga la ejecución de dichas obras".

O Prego de Condicións non establece o contido do plan de investimentos e a súa tramitación se ben establece que é competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación, polo que debe entenderse que o referido plan de investimentos pode recoller un proxecto ou actuación illada (caso que nos ocupa), un conxunto de investimentos anuais ou unha proposta de actuación ó longo de varios exercizos.

Visto o exposto, cabe afirmar a posibilidade de encomendar directamente á Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, a execución das obras de ampliación, renovación e/ou mellora de infraestrutura do dito servizo.

II. NO CONCERNIENTE AS DECISIONS ADOPTADAS POLO DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS RESPECTO A ENCOMENDA E CONSEGUINTE ORDE DE EXECUCIÓN DAS INVERSIONS A ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO.

Na tabla que se achega, no presente apartado, especifícanse os distintos acordos adoptados pola administración municipal, que serviron de base para a contratación das inversións por parte da entidade concesionaria como a asunción dos correspondientes compromisos económicos cos diferentes contratistas, que resultaron adxudicatarios.

<i>TITULO PROYECTO</i>	<i>ADJUDICACION</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO CABRAL</i>	<i>X.G. L. 20/09/2004</i>	<i>1.050.176,23€</i>
<i>BOMBEO MONTE CEPUDO</i>	<i>X.G.L. 20/09/2004</i>	<i>79.884,99€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 26/07/2004)</i>
<i>ACOMETIDAS SANEAMENTO VALADARES</i>	<i>X.G.L. 20/09/2004</i>	<i>348.802,72€</i>
<i>AMPLIACION SANEAMENTO BEMBRIVE 2º FASE</i>	<i>X.G.L. 20/09/2004</i>	<i>1.175.069,90€</i>
<i>COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUIÑONES DE LEON</i>	<i>X.G.L. 20/09/2004</i>	<i>131.076,09€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 02/08/2004)</i>
<i>MELLORA COLECTOR (CORUXO)</i>	<i>X.G.L. 20/09/2004</i>	<i>169.563,97€</i>

SUST. COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	X.G.L. 20/09/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMENTO R. COLOMBIA	X.G.L. 20/09/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS	X.G.L. 20/09/2004	257.324,41€
CRUCES CANALIZACION REGO G. VIA E SAMIL	X.G.L. 20/09/2004	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCOBRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	X.G.L. 20/09/2004	87.500,00€
ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE	X.G.L. 20/09/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 14/12/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 14/12/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	X.G.L. 14/12/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	X.G.L. 14/12/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/12/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMIENTO ROTEAS-HERMIDA	X.G.L. 14/12/2005	77.421,00€
SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA	X.G.L. 14/12/2005	28.781,54€
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	X.G.L. 14/12/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 14/12/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMIENTO COUTADAS	X.G.L. 14/12/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	X.G.L. 14/12/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 31/03/2003	7.049.844,65€
ABASTECIMENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	PLENO 31/03/2003	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	X.G.L. 02/08/2004	57.436,13€
DIRECCION OBRA CIISA	X.G.L. 05/05/2003	215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL	X.G.L. 02/08/2004	53.544,00€

III. RESPECTO OS ACORDOS ADOPTADOS POLOS DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS EN RELACION COA APROBACION TECNICA DAS ACTUACIONES QUE SE SOMETEN A RECOÑECIMENTO

A totalidade das inversións encomendadas á entidade concesionaria do servizo precedeu o oportuno acordo sobre aprobación técnica dos proxectos ou, no seu caso, a decisión da administración municipal en canto á admisión das Memorias valoradas propostas.

Na tabla adxunta se relacionan os diferentes acordos relativos ós correspondiente proxectos:

TITULO PROYECTO	APROBACION TECNICA	IMPORTE
P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO CABRAL	X.G.L. 09/06/2003	1.050.176,23€
BOMBEO MONTE CEPUDO	X.G.L. 26/07/2004	79.884,99€
ACOMETIDAS SANEAMIENTO VALADARES	X.G.L. 30/08/2004	348.802,72€
AMPLIACION SANEAMIENTO BEMBRIVE 2º FASE	X.G.L. 19/07/2004	1.175.069,90€
COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUIÑONES DE LEON	X.G.L. 02/08/2004	131.076,09€
MELLORA COLECTOR (CORUXO)	X.G.L. 19/07/2004	169.563,97€
SUST. COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	ACUERDO X.G.L. 02/08/2004 Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMENTO R. COLOMBIA	ACUERDO X.G.L. 02/08/2004 Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS		257.324,41€

CRUCES CANALIZACION REGO G.VIA E SAMIL	RECOÑEC. CREDITO	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCABRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	ORDEN SERV. CONC. DEL 21/07/2004 INF. V.O. 20/07/2004	87.500,00€
ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE	X.G.L. 30/08/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 24/10/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 02/05/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	MEM. X.G.L. 14/11/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/11/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMENTO ROTAS-HERMIDA	MEM. X.G.L. 14/11/2005	77.421,00€
SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA	MEM. X.G.L. 14/11/2005	28.781,54€
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	MEM. X.G.L. 14/11/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	INFORME V.O. 22/11/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMENTO COUTADAS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	EST. INF. V.O. 23/11/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 28/01/2002	7.049.844,65€
ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLÓXICO	**	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLÓXICO		57.436,13€
DIRECCION OBRA CIISA		215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL		53.544,00€

IV. EN REFERENCIA A ADECUACION DAS OBRAS REALIZADAS OS PROXECTOS TECNICOS APROBADOS

A comprobación de adecuación das obras ós proxectos técnicos pódese verificar mediante o análise dos informes emitidos, respectivamente, polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e o Xefe de Area de Servizos Xerais de data 8 de agosto de 2008 e así como a certificación final de cada actuación e o informe complementario que suscribe o Enxeñeiro encargado da dirección de obras.

V. EN CANTO A CONSTATAION DOS PAGAMENTOS EFECTIVAMENTE REALIZADOS POLA ENTIDADE CONCESIONARIA A FAVOR DOS DISTINTOS CONTRATISTAS OU, NO SEU CASO, A ACREDITACION DE ASUNCION DO SEU CUSTE MEDIANTE A ASIGNACION DOS RECURSOS HUMANOS.

Forma parte do expediente de recoñecemento que se tramita a certificación de pagamento expedida polo Director de Administración e Finanzas da entidade concesionaria, na que faise constar que a mencionada entidade mercantil ten satisfeito todas as obrigas de pago inherentes á inversión de que se trata.

VI. REPERCUSION DO ACORDO DE RECOÑECIMENTO DE INVERSION QUE SE PROPON SOBRE AS TAXAS E O SERVIZO E/OU, NO SEU CASO, AS QUE SE DERIVEN DA DETERMINACION DA RETRIBUCION DA CONCESIONARIA.

O acordo que se propón trata de reflectir nun so acto a recepción das obras por parte da administración municipal e o recoñecemento de que as mesmas efectuáronse con arranxo o proxecto e de conformidade coas cifras presupostadas. Non obstante o anterior a inversión que se recoñeza non supón alterar en modo algún as tarifas do servizo nin a retribución a fixar xa que tanto aquelas como ésta incluían o impacto que supón a recuperación de 98.286.000€, en concordancia co establecido no acordo plenario de data 31 de marzo de 2003, do que parécenos oportuno destacar o apartado quinto da súa parte dispositiva que responde ó seguinte teor literal: “Os importes resultantes das previsión contidas nos apartados precedentes, previa a súa autorización e unha vez acreditado o seu pagamento, incorporaranse o modelo financeiro de recuperación de investimentos, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 9/11/1998, autorizándose a UTE SERAGUA FCC para detraer do canon dispoñible, a partir do 1 de xaneiro de 2005, a cantidade máxima de 0,053850€/m³ ou cantidade menor que resulte aplicable trala activación do gasto inversor, no momento do seu pagamento, de tal sorte que se garante a recuperación do investimento e o seu financiamento durante o prazo concesional”.

En consonancia co anteriormente exposto esta xefatura propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

- 1º. Recoñecer os investimentos efectuados pola entidade concesionaria do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas ata a da 31 de marzo de 2007, por importe de 4.128.204,97€, que corresponde ós proxectos cuxos títulos e importes de prosuposto de contrata faise figurar no apartado II do presente informe en cumprimento dos acordos de execución que asimesmo se citan no mencionado apartado.*
- 2º. Autorizar á entidade concesionaria do servizo para a recuperación do importe comprometido en concepto de inversión efectuadas, por importe de 4.128.204,97€ mediante a inclusión no modelo financeiro aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 9 de novembro de 1998, detrayendo para ilo o canon dispoñible (a partir do 1 de xaneiro de 2005) a cantidade máxima de 0,053850€/m³ ou cantidade menor que resulta aplicable trala activación do gasto inversor, no momento do seu pagamento de tal sorte que se garantice a súa recuperación e financiamento ó longo do período concesional.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1306).- PAGAMENTO ANTICIPADO DE BOLSAS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS-2008. EXPTE. 9863/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 21.08.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2008, polo que se conceden 100 bolsas de 2.000 euros cada unha para a participación no programa de inmersión lingüística en inglés (PILI 2008), e debido ás especiais condicións do programa, faise necesario realizar o pagamento anticipado previsto no apartado decimo segundo das bases da convocatoria (ref. Expte.9643/332, XGL 27/06/08).

A razón deste anticipo vén dada pola necesidade de que os beneficiarios adianten o seu pagamento á empresa prestadora do servizo de inmersión coa que estableceron o contrato previsto no apartado décimo primeiro das bases da convocatoria citadas. O anticipo é de 1000 euros, 50% do total da bolsa concedida.

Dadas as características do programa, considérase necesaria a utilización do sistema de libramento a xustificar para posibilitar a adecuada xestión dos fondos concedidos para acadar a finalidade aprobada.

Con esta finalidade, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar o pagamento anticipado do 50% da bolsa para o programa de inmersión lingüística en inglés (PILI 2008), aos beneficiarios aos que lle foi concedida, conforme ao listado aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 04/08/2008 e, se é o caso, aos que lles corresponda da lista de reserva aprobada no mesmo acto, no caso de existiren baixas ou renuncias na lista principal;
2. Autorizar que este pagamento anticipado do 50%, se faga mediante o procedemento de libramento a xustificar de 100.000 euros a favor de Rafael Ojea Pérez, con NIF nº 36021230X, xefe do Servizo municipal de Educación, co ingreso na conta habilitada nº 2080 0000 7600 4030 02 99. Este gasto pode facerse con cargo á partida 42204890000, RC nº 35571 (Ref expte.: 9794/332)
3. Autorizar que o segundo e derradeiro dos pagamentos previstos, se faga polo mesmo procedemento de libramento a xustificar, unha vez que os beneficiarios xustifiquen fidedignamente a subvención concedida mediante a documentación probatoria prevista no apartado décimo segundo das bases da convocatoria PILI 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1307).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL CIVIL EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN DO CARÁCTER DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO DUN TRAMO DE CAMIÑO EN CARRASQUEIRA-CORUXO. EXPTE. 18069/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da técnica de Admón. Xeral, do 29.07.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Dª CAROLINA FERNANDEZ PEREZ presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de maio de 2007, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público dun tramo de camiño en Carrasqueira-Coruxo, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos con orixe nun ramal de Carrasqueira e remate na propiedade particular nº 192. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 9 de agosto de 2007.

Informe do Servizo de Vías e obras, de data 14 de xaneiro de 2008.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 30 de xullo de 2007.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27 de agosto de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, con orixe nun ramal de Carrasqueira e remate na propiedade particular nº 192, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño en Carrasqueira-Coruxo. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), se ben no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno ten competencias na xestión do mesmo.

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño en Carrasqueira-Coruxo é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e

dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- *Natureza xurídica da presente reclamación.* A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- *Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa.* Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.j LRBRL.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D^a CAROLINA FERNANDEZ PEREZ mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 25 de maio de 2007, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño en Carrasqueira-Coruxo recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1308).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL CIVIL EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN DO CARÁCTER DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO DO CAMIÑO LONGRA R-7. EXPTE. 18023/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da técnica de Admón. Xeral, do 29.07.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LRBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

D Juan Ramón Pérez Pérez, presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de febreiro de 2007, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do camiño denominado

Longra R-7, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como Camiño Longra R-7, . Rueiro:12460. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 10 de agosto de 2007.

Informe do Servizo de Vías e obras, de data 21 de decembro de 2007.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 30 de xullo de 2007.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27 de agosto de 2007.

Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, constando a formulación de alegacións por D^a Clara González Pérez, D^a Diana M^a Simoes Prado, e D. José Ramón Vila Couceiro, os cales coinciden en manifestar o carácter público do citado camiño.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmoables, Código Rueiro:12460, denominación: Cñ. Longra R-7, Orixe_ Cñ Longra, final: finca particular, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño de Longra R-7. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), se ben no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno ten competencias na xestión do mesmo.

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o

inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de Longra R-7 é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.j LRBRL.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. JUAN RAMON PEREZ PEREZ, mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 16 de febreiro de 2007, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Longra R-7, recollido no epígrafe I de bens inmoables do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1309).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL CIVIL EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN DO CARÁCTER DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO DO RAMAL-2 CR MARCO. EXPTE. 509/244. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.07.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LRBL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

D^a Amparo Riveiro Fernández presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de agosto de 2007, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do Ramal-2 CR Marco, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos con orixe na Carretera De Marco e remate na finca particular nº 39. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 25 de setembro de 2007.

Informe do Servizo de Vías e obras, de data 5 de outubro de 2007.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 27 de setembro de 2007.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de setembro de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmóbeles, como Ramal-2 da Carretera De Marco con orixe na carretera De Marco e remate na finca particular nº 39, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Ramal-2 de CR Marco. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), se ben no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno ten competencias na xestión do mesmo.

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario

Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procedese rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o Ramal-2 de CR. Marco é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.j LBRL.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D^a AMPARO RIVEIRO FERNANDEZ mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 3 de agosto de 2007, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do Ramal-2 de CR. Marco, recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1310).- RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CAMIÑO DAS VEIGAS R-2. EXPTE. 18364/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da técnica de Admón. Xeral, do 30.07.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Constitución Española de 1978 (CE).

ANTECEDENTES

D^a. Segunda Lago Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de maio de 2008, solicitando a exclusión do inventario do Camiño das Veigas R-2 que consta como camiño público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos sendo de propiedade privada, tal e como foi declarado por sentenza xudicial 00060/2007 ditada polo en data 31/10/2007, sentenza que adquiriu firmeza ó ser declarado deserto o recurso de apelación preparado pola representación de D. Emilio Estévez Rodríguez e ter por desistido no mesmo ó Concello de Vigo, por auto do Xulgado de 1^o Instancia n^o 4 de Vigo de data 20/12/2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Entre os medios e facultades establecidos polo Ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). Consonte o artigo 32 LPAP “as Administracións públicas estan obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas par reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que se adiquen (...) o inventario patrimonial (...) incluirá, a lo menos, os bens inmoables e dereitos reais sobre os mesmos”, e, segundo o artigo 20.g) RBEL, o inventario dos bens inmoables comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura. O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), se ben, no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local ten competencias na xestión do mesmo.

Segundo.- O camiño das Veigas R-2 figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no Epígrafe I de vías públicas.

No fallo da sentenza 00060/2007 ditada polo Xulgado de 1^o Instancia n^o 4 de Vigo en data 31/10/2007 se determina que a franxa de terreo inventariada como camiño das Veigas R-2 é de propiedade particular, e condena ó Concello a “estar e pasar por esta declaración absteniéndose de realizar cualquier acto de perturbación sobre la finca objeto de litis, cancelando todas aquellas inscripciones y anotaciones registrales en los distintos registros y oficinas públicas que contradigan la plena titularidad de las actoras”, polo que resulta procedente dalo de baixa no inventario, en cumprimento do principio constitucional que obriga o cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes dos Xuíces e Tribunais (artigo 118 CE).

O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto, en consecuencia, promover a súa baixa inventarial. A lexislación vixente prevé verificar anualmente a rectificación do inventario, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela se reflectiran as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa (artigos 278 LALG e 33 RBEL).

Terceiro.-Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación inventarial a Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos do camiño das Veigas R-2, anulando a súa consideración como vía pública de acordo coa sentenza 00060/2007 ditada polo Xulgado de 1º Instancia nº 4 de Vigo en data 31/10/2007 que determina a titularidade privada do mesmo.

2º.- Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento.

3º.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais ós efectos oportunos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1311).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DE VIGO. EXPTE. 18357/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 19.06.08, conformado polo concelleiro de Contratación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local, en sesión de 11 de setembro de 2006, acordou adxudicar á empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., o concurso para a contratación do servizo de limpeza de colexios e escolas públicos de Vigo, por un importe de 2.338.641,20 euros.

Na cláusula 4 do contrato administrativo establece que o prazo do contrato será de dous anos, a contar dende o 1 de setembro de 2006, puidéndose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous.

A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación que textualmente manifesta:

1º.- Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano de vixencia e según ó establecido no artigo 103 di Real decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño, sen que en ningún caso o prezo do contrato poida superar a variación experimentada polo IPC no ano inmediato anterior mais 1,5 puntos porcentuais.

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme a seguinte fórmula:

*Prezo actualizado = Prezo vixente do contrato * K.*

En todo caso “K” non poderá ser superior á variación experimentada polo IPC no ano inmediatamente anterior mais 1,5 puntos porcentuais.

A e B son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A) e outros gastos fixos anuais (B).

Os coeficientes de ponderación entenderánse sometidos as seguintes restricción:

A + B = 1 e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M = Incremento ou diminución salarial prevista no convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais para o ano en que teña lugar a revisión.

Gt = Outros gastos no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC correspondnete ó mes de revisión.

Go = Outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes que finalice o prazo para a presentación de ofertas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado así como ás posibles ampliacións que poidan producirse perante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e as seguintes transcurrido un ano dende a anterior revisión.

A vista do anterior, o cálculo do prezo revisado será o seguinte: A vista de que o coste do convenio, según manifesta a empresa na súa solicitude supera o incremento dos costes salariales como consecuencia do convenio provincial do sector superan o valor do incremento do IPC + 1,5, para proceder a revisión o prezo inicial do contrato aplicaráselle o incremento do IPC no período comprendido entre xullo 2006 (mes de apertura da documentación)/agosto 2007, ascendendo este a 2,4, se incrementamos con 1,5 puntos obtemos o incremento a aplicar: 3,9%.

Prezo revisado: 2.338.641,20 X 1,039 = 2.429.848,20 euros.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas de Vigo, adxudicado a empresa "Limpiezas del Noroeste, S.A." por acordo da XGL de 11 de setembro de 2006, fixando éste a partir do 1 de setembro de 2007 na cantidade de 2.429.848,20 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1312).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18356/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 2.06.08, conformado polo concelleiro de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de educación do Concello de Vigo, remiten a este servizo de contratación o expediente nº 6753/332 de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, para primeira prorroga do mesmo.

O contrato do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigofoi adxudicado a empresa "Limpiezas del Noroeste, S.A.", por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de setembro de 2006.

No prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, na cláusula 5ª "Prazo de Execución" establece o seguinte:

"O contrato iniciarase o 01/09/2006 e terá unha duración de dous anos. O contrato poderase prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.

Tanto o Concello como o contratista poderán denunciar a vixencia do contrato cunha antelación mínima de catro meses o vencemento do contrato ou das prorrogas".

Así mesmo no documento de formalización do contrato na cláusula 4ª, fixa o prazo do contrato en dous anos, a contar dende o 1 de setembro de 2006 puidéndose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dous.

Tal como se expón no oficio remitido polo servizo de educación coa finalidade de continuar coa prestación normalizada do servizo deberase prorrogar o contrato polo prazo inicial dun ano a contar dende o día 1 de setembro de 2008.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a primeira prorroga do contrato de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, adjudicado a empresa "Limpiezas del Noroeste, S.A." por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de setembro de 2006, tal como está previsto na cláusula 5ª "Prazo de Execución", a partir do 1 de setembro de 2008 ata o 1 de setembro de 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1313).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos as actuacións dos expedientes, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta da técnica de Admón. Especial, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a EOSA (ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.) a fianza por importe de 1.160 € constituída para responder da “redacción do proxecto básico e de execución do a a captación de fondos europeos” xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 2325/241.

B) Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.:

- A fianza de 16.000 € constituída para responder da “subministración de mezclas e emulsións” xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2314/241.
- A fianza por importe de 8.400 € constituída para responder do “aluguer de maquinaria con operador” xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación por transcorrer o prazo de garantía. Doc. 80056328.

C) Devolver a ASESORAMIENTO TRIBUTARIO LOCAL S.L. a fianza de 48.000 € constituída para responder da “colaboración na liquidación do IAE xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 2343/241.

17(1314).- ENXENACIÓN DE 92 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2351/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 5.08.08, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 92 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

18(1315).- ADXUDICACIÓN DA ENAXENACIÓN DE 54 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2339/241.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, do 20.08.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. a enaxenación de 54 vehículos para chatarra expte (2339-241) por un importe de 4.500 euros.”

19(1316).- ADXUDICACIÓN DA ENAXENACIÓN DE 26 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2338/241.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, do 20.08.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. a enaxenación de 26 vehículos para chatarra expte (2338-241) por un importe de 2.050 euros.”

20(1317).- ADXUDICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE GRADERÍO NO POLIDEPORTIVO DE BOUZAS. EXPTE. 17815/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 13.08.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar provisionalmente a Mondo Ibérica, S.A. o procedemento negociado sen publicidade da execución das obras do proxecto de ampliación de graderío no Polideportivo de Bouzas. (Expte. 7815-333) por un prezo total de 209.400 euros (dos que 180.517,24 euros e o prezo sen IVE e 28.882,76 euros corresponde o IVE) e un prazo de execución de 35 días. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 14-07-2008 e a oferta presentada.

21(1318).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10.03.08 DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE AMPLIACIÓN, SUBSTITUCIÓN, MENTEMENTO, CONSERVACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 18218/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.05.08, conforamdo polo concelleiro de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral acctal., que di o seguinte:

Nestas dependencias de contratación, personouse D. Esteban Marsillach Daunis, en representación da empresa UTE Esysca- Etra, adxudicataria do contrato do sevizo de mantemento da rede semafórica do Concello de Vigo, manifestando que recibida a notificación do acordo da XGL de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba a revi-

sión de prezos do mencionado contrato, non se inclueu nésta o importe da ampliación do contrato pola incorporación da partida do mantemento dos sistemas de control e regulación de tráfico na ampliación do tunel do Areal.

Unha vez feitas as comprobacións oportunas, efectivamente na proposta de revisión aprobada pola XGL de 10 de marzo de 2008, non aparece o importe correspondente a ampliación do contrato pola incorporación da rede semafórica do mantemento dos sistemas de control e regulación de tráfico na ampliación do tunel do Areal, aprobada na XGL de 28 de novembro de 2005, por importe de 99.416,61 euros, polo que consonte co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, procedese a elaborar novamente o informe proposta tendo en conta dito aspecto:

INFORME – PROPOSTA

D. Esteban Marsillach Daunis, en representación da empresa UTE Esysca- Etra, adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestacións de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para as anualidades 2006/2007 e 2007/2008.

O fundamento da petición da revisión do prezo contractual aparece recollida na cláusula v do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e no mesmo recollese a posibilidade de realizar a mesma unha vez transcurra un ano do prazo contractual, e realizárase pola aplicación o prezo de adxudicación da variación do índice de prezos o consumo da anualidade inmediata anterior o prezo obxecto de revisión.

ANTECEDENTES

O contrato do servizo de subministro, mantemento e conservación da rede viaria foi adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 28 de abril de 2003, firmandose o contrato en documento administrativo o 25 de xuño de 2003, por un prezo contractual de 1.915.329,33 euros/ano, descompoñéndose o prezo contractual nos seguintes importes :

Mantemento, conservación e reparación: 1.258.657,50 euros.

Subministro e instalación para a renovación de equipos e instalacións según plan establecido no prego de prescricións técnicas: 465.262,50 euros.

Remodelación e ampliación de instalacións por importe fixo de 150.253,00 euros.

Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de prescricións xurídicas, económicas e administrativas, polo importe de 41.156,33 euros.

A última revisión do prezo do contrato foi aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2005, na que se fixou un prezo revisado para o contrato de 2.035.889,73 euros.

Aprobándose os seguintes prezos parciais:

- Mantemento conservación e reparación 1.337.884,00 euros.*
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de condicións técnicas: 494.548,45 euros.*
- Remodelación e ampliación 159.710,67 euros/ano.*
- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas 43.746,87 euros.*

Non obstante o anterior, na Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2005, adoptouse o acordo de incrementar o contrato da rede semafórica para prestar servizo ós novos tuneles municipais, na cantidade de 99.416,61 euros, polo que, a efectos de calculo da revisión do periodo comprendido entre o 1 de xulio de 2006/2007, a base de prezos que se deberá ter en conta debe incluír dito importe, actualizado na porcentaxe de 3,5%, sendo ésta a seguinte:

- prezo global do contrato: 2.138.785,90 euros.*

- *Mantemento conservación e reparación: 1.337.884,00 euros.*
- *Subministración e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de condicións técnicas 494.548,45 euros.*
- *Remodelación e ampliación 159.710,67 euros.*
- *Mantemento do tunel de Beiramar: 43.746,87 euros.*
- *Mantemento de novos tuneles: 102.896,19 euros.*

CALCULO REVISIÓN

Para a revisión do periodo 2006/2007, tomarase o incremento do IPC do periodo xuño 2005/xuño 2006, que según informe do INE foi do 3,9%, do que resulta un importe revisado do prezo do contrato (unha vez excluídos os conceptos de subministración e ampliación) de 2.222.198,84 euros a aplicar dende o 1 de xulio de 2006, sendo os importes parciais os seguintes:

*Mantemento, conservación e reparación 1.390.061,48 euros.
 Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo plan establecido no pprego de prescripcóns técnicas 513.835,84 euros.
 Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 165.939,38 euros/ano.
 Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de cláusulas administrativas 45.453,00 euros.
 Mantemento de novos tuneles: 106.909,14 euros.*

Para a revisión da anualidade 2007/2008, a aplicar a partir do 1 de xulio de 2007, deberáselle aplicar ó prezo inicial o IPC xuño 2006/2007 (2,4%), resultando un prezo revisado de 2.275.531,62 euros, e os seguintes importes parciais:

- *Mantemento conservación e reparación: 1.423.422,96 euros.*
- *Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcóns técnicas: 526.167,90 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 169.921,93 euros.*
- *Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 46.543,87 euros.*
- *Mantemento de novos tuneles: 109.474,96 euros.*

Por parte da empresa Esycsa, presentouse neste servizo de Patrimonio e Contratación e achega xustificación conformada polo servizo de seguridade do total facturado perante o periodo obxecto de revisión no presente informe, resultando que ata marzo de 2008 a empresa facturou un total de 3.997,177,61 euros. Si ó importe facturado lle aplicamos os incrementos do IPC de 3,9% e 2,4% correspondentes as anualidades do contrato que se revisan, obtense que a diferenza que se deberá recoñocer a empresa polo prezo real facturado e o prezo do contrato revisado, ascende a 197.854,70 euros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte

A C O R D O

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, subministración, instalación e explotación das instalacións da rede semaforica, adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo (28/04/2003) a empresa UTE Esycsa- Etra, nos importes seguintes:

Primeiro.- O prezo do contrato a partir do 1 de xulio de 2006, quedará establecido na cantidade de 2.222.198,84 euros ano, e os seguintes importes parciais:

- *Mantemento conservación e reparación: 1.390.061,48 euros.*

- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcións técnicas: 513.835,84 euros.
- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 165.939,38 euros.
- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 45.453,00 euros.
- Mantemento de novos tuneles: 106.909,14

Segundo.- O prezo do contrato a partir do 1 de xulio de 2007 quedará establecido na cantidade de 2.275.531,62 euros, e os seguintes importes parciais:

- Mantemento, conservación e reparación 1.423.422,96 euros
- Subministro e instalación para a renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcións técnicas: 526.167,90 euros.
- Remodelación e ampliación de instalacións: 169.921,93 euros.
- Mantemento do tunel de beiramar : 46.543,87 euros.
- Mantemento de novos tuneles: 109.474,96 euros.

Terceiro.- Recoñecer a empresa, pola deferencia entre o prezo que ésta facturou ata marzo de 2008 e o importe do revisado do prezo do contrato, no periodo xulio de 2006/marzo 2008, a cantidade de 197.854,70 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1319).- HORAS EXTRAORDINARIAS, GRATIFICACIONES POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS FEBREIRO-XUÑO 2008. EXPTE. 18375/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.07.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de Xaneiro (Cultura), Febreiro e Xuño 2008 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACCIÓN	MES	Nº DE HORAS
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Xaneiro-Xuño 08	46,50
Alcaldía	De Basilio Costas Fernández a Cesareo Rocha Paramés	Febreiro 08	160,00
Conserxería	José Angel Fernández Alonso	Febreiro 08	4,00
Conserxería	Francisco Martínez Muñoz	Febreiro 08	24,50
Conserxería	Mª Teresa Vaqueiro Herbello	Febreiro 08	12,50
Vías y Obras, Inspección de Obras	De Benito Barciela Simón a Ventura Oujo Gerut	Febreiro 08	33,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a Adolfo Troncoso Campos	Febreiro 08	245,00
Vías e Obras	De Ricardo Lobato Cameselle a Ramón Vázquez Rial	Febreiro 08	59,00
Parque Central	De Miguel Angel Alonso Alonso a Bernardo Rodríguez Leston	Febreiro 08	130,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Perez	Febreiro 08	919,00

SERVIZO	RELACCIÓN	MES	Nº DE HORAS
1ª Tenencia Alcaldía	De Juan Pablo Alonso Rodríguez a José Luis Pérez Costas	Xuño 08	182,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a José B. Villaverde Veleiro	Xuño 08	57,00
Bombeiros	Mª Luz Palmás Calvar	Xuño 08	35,00
1ª Tenencia Alcaldía (Xulgados)	De Juan Pablo Alonso Rodríguez a José Luis Pérez Costas	Xuño 08	32,00
Montes, Parques e Xardíns	Fernando Araujo Conde	Marzo a Xuño 08	131,00
Policia Local	De José Luis Alonso Moreira a Juan Guillermo Vivero Mijares	Xuño 08	609,50
Policia Local (Xulgados)	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijares	Xuño 08	1.232,00
		TOTAL	3.912,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 31.159,23 € .

23(1320).- FESTIVIDADE-NOCTURNIDADE MAIO 2008 - PARQUE MOBIL E PARQUE CENTRAL. EXPTE. 18301/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.06.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	Relacion	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	TOTAL
Parque Mobil	maio 08	De Amador Alvarez Bernardez a J Genaro Vulcano Ferreyra	1502,24	1546,28	3.048,52
Policía Local	maio 08	De Emilio Aira Pereira a Jose Antonio Rodriguez Souto	856,74	596,25	1.452,99
	TOTAL		2.358,98	2.142,53	4.501,51

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 131.942,63 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(1321).- FESTIVIDADE-NOCTURNIDADE XULLO 2008, DIVERSOS SERVIZOS. EXPTE. 18400/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	Relación	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	TOTAL
Biblioteca Central	Maio 08	De Prieto Rodriguez Pilar a Aguilar Castro Cesar	62,88 €	0,00 €	62,88 €
Parque Central de Servizos	Marzo-Maio 08	Oliveira Quintas Manuel	506,97 €	429,30 €	936,27 €
Educación (Eleccións Xerais 08)	Marzo 08	De Fernandez Paz Lino a Lopez Moure Jesús	2.331,47 €	210,01 €	2.541,49 €
Parque Central de Servizos	Abril 08	De Aira Pereiro Emilio a Rodriguez Souto José Antonio	864,60 €	715,50 €	1.580,10 €
Desinfección	Xuño 08	De Pardellas avión Avelino a Sousa Atrio José Manuel	432,30 €	2.135,90 €	2.568,20 €
Montes, Parques e Xardíns	Xullo 08	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez José Luis	1.414,80 €	739,35 €	2.154,15 €
Limpeza	Xullo 08	De Alonso González Angel a Vázquez Varela Severino	176,85 €	1.743,70 €	1.920,55 €
Cemiterios	Xullo 08	De Alfonso Sanmartín Jesús a Vilanova Acuña Delmiro	1.937,49 €	0,00 €	1.937,49 €
Policía Local	Xullo 08	De Abalde Casanova Iván a Vivero Mijares J. Guillermo	29.596,95 €	21.252,23 €	50.849,18 €
Bombeiros	Xullo 08	De Abalde Fernández Carlos a Caride Grandal J. Antonio	21.359,55 €	16.125,25 €	37.484,80 €
Policía Local (Xulgado)	Xullo 08	De Alonso Caride Constante a Vila Campos Fco. José	3.049,68 €	0,00 €	3.049,68 €
Policía Local	Xullo 08	De Alonso Duarte David a Vila Agulla Fernando	2.025,92 €	424,69 €	2.450,60 €
Museo Castrelos	Xullo 08	De Ogando López J. Manuel a González Bello Andrés	393,00 €	0,00 €	393,00 €
Parque Central de Servizos	Xullo 08	De Aira Pereiro Emilio a R Rodriguez Souto José Antonio	848,88 €	739,35 €	1.588,23 €
Parque Móbil	Xullo 08	De Alonso Iglesias Manuel a Vulcano Ferreira J. Genaro	1.161,32 €	1.205,75 €	2.367,07 €
	TOTAL				111.883,68 €

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 111.883,68 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

25(1322).- GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS- XULLO 2008. EXPTE. 18395/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de XULLO-2008, e que ascenden a un total de 634,84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

26(1323).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS- XULLO 2008. EXPTE. 18399/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.08.08 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 7.08.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por D. Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de xullo 2008, e que ascenden a un total de 831,90 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

27(1324).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL NON SENDO OFICIAL CONDUCTOR, DIVERSOS SERVIZOS, 2º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18396/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.07.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Electromecánicos, Educación e Xuventude, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 706,20 €, correspondentes ó 2º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

28(1325).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MOBIL- XULLO 2008. EXPTE. 18403/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.07.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a D Antonio Amoedo Garcia e a D. Florentino Prieto Dominguez, que figuran na relación adxunta e que supón un total de 79,83 €, correspondente o mes de xullo 2008 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

29(1326).- XORNADAS DE REFORZO DA POLICÍA LOCAL - XULLO 2008. EXPTE. 18405/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.08.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xuño de 2008, adoptou o seguinte acordo:

1.- Que segundo o disposto na disposición adicional 1º do programa de reforzos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2008 se amplíen o do número de xornadas autorizadas ata un máximo de 6 novas xornadas a realizar entre os meses de xuño de decembro de 2008.

2.- Que na relación de persoal adscrito (anexo I) aprobado na xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2008 se inclúan como personal acollido ao programa de reforzos autorizado, aos seguintes funcionarios de carreira :

- Oficial D. Camilo Campos Sueiro
- Oficial D^a. Julia Montserrat Portabales González

Todos eles atopábanse de baixa ao tempo da aprobación do acordo de 11 de febreiro.

3.- A disposición adicional 2ª pasa a ter a seguinte redacción:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª.- Integración no programa dos funcionarios en prácticas.

Os 26 policías en prácticas relacionados no Anexo II, que están a realizar actualmente as prácticas do curso selectivo organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública, se integrarán no programa de reforzos co resto do persoal funcionario de carreira, a partir da aprobación do programa pola Xunta do Goberno Local

4.- Autorizar o gasto de 475309,50 €. € con cargo a partida orzamentaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización de das xornadas de reforzo propostas.

O período de vixencia da ampliación do programa será a partir da data de aprobación por parte da Xunta do Goberno Local do referido programa de reforzos e rematará o 31 de decembro de 2008.

Corresponde ó Superintendente-xefe da Policía organizar a prestación das xornadas extraordinarias.

Ditas xornadas realizaránse no posto de traballo do funcionario adscrito ou servicios equivalentes.

En todo caso cando a realización dunha xornada de reforzo implique a interrupción do 2º ou 3º día de descanso do/a interesado/a, devengará un plus equivalente ao 25% da retribución correspondente. Na asignación de xornadas de reforzo que impliquen o devengo deste plus deberá ser debidamente xustificada polo Xefe do Corpo, co conforme do Concelleiro-delegado da área.

As xornadas de reforzo non poderán coincidir con un permiso oficial do interesado/a xa aprobado, nin tampouco se autorizarán permisos oficiais nos días que o funcionario/a teña o reforzo xa asinado, segundo a normativa vixente.

Dado o carácter voluntario do programa de reforzos a desenvolver, o persoal que desexe acollerse o mesmo, deberá comunicar a traves do correspondente parte de servizo dirixido a Xefatura a súa vontade de adscripción o programa.

Dita relación sera remitida a Unidade de Persoal, unha vez rematado dito prazo, especificando o nome, apelidos, nº de persoal, DNI e categoría profesional dos adscritos.

As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.

O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

- 1º.- Policía: 203,96 €
- 2º.- Oficial: 217,23 €
- 3º.- Inspector: 244,45 €
- 4º.- Inspector principal: 253,70 €

Estas retribucións devengaránse cunha periodicidade mensual, en función das xornadas efectivamente realizadas no mes anterior ao devengo

Nas situacións de incapacidade laboral transitoria por continxencias comúns ou accidente non laboral, sempre que a ausencia exceda de 30 días continuados en relación coa duración do programa de reforzos, os interesados deixarán de perceber as retribucións correspondentes ás xornadas do período de baixa. O funcionario non poderá recuperar as xornadas perdidas.

Nas situacións de incapacidade laboral transitoria por accidente laboral, debidamente acreditado, os/as interesados/as poderán recuperar as xornadas non realizadas, mentes dure o programa de xornadas de reforzo.

As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do/a interesado/a.

Doutra banda, os/as interesados/as, previa comunicación a Xefatura, poderán intercambiar os seus días de dispoñibilidade por interés particular, sempre que se trate de funcionarios/as da mesma categoría e turno. Neste caso, non lle será de aplicación o plus recollido no parágrafo 3º do punto 9.

No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:

Policía: 25,5 €/h
Oficial: 27,16 €/h
Inspector: 30,57 €/h
Inspector Principal: 31,71 €/h

As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no persente Acordo. En particular, non devengarán os pluses de nocturnidade e festividade. Si serán abonadas as gratificacións especiais que por Convenio están establecidas para noiteboa, Navidad, fin de ano e aninovo (24, 25, 31 e 1).

Con data 5 de agosto de 2008, recibese neste Servizo a relacion de persoal do Servizo da Policía Local que realizou as xornadas de reforzo realizadas no mes de xullo de 2008. O numero total de xornadas realizadas é de 255 e supón un importe total de 52.985,90€

No escrito remitido pola Policía Local en data 11 de agosto de 2008 a esta Unidade de Persoal sobre as xornadas realizadas no mes de xullo de 2008, se reflexan os servizos realizados en materia de seguridade cidadá, seguridade viaria, accidentes e outros servizos realizados para os cales foi indispensable a presenza adicional do persoal adscrito ao programa, tanto no relativo á cobertura do servizo mínimo diario por seccións e quendas, como na realización das actuacións específicas en materia de seguridade viaria e seguridade cidadá, para cuxa tramitación contar co concurso da oficina administrativa.

No devandito escrito non se indican os criterios utilizados na asignación das xornadas de reforzo nin si a realización das xornadas de reforzo ao persoal da Policía Local obedeceu a posta en marcha de plans de actuación específicos ou a escasez de efectivos para facer fronte as tarefas habituais do servizo debido a baixas, permisos, etc ou a outras causas.

Así mesmo e tendo en conta que dende a posta en marcha dos programas de reforzo para o servizo da Policía Local, estas teñen como obxectivo primordial a cobertura da presenza policial nas rúas da cidade e a posta en marcha de campañas de control, prevención, etc, deberíase explicar a inclusión no programa de persoal doutras seccións e se estes realizan as súas xornadas de reforzo no seu posto de traballo habitual ou non, e a causa que o motiva.

Feitas as consideracións precedentes, a técnica que suscribe PROPON a Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro.- Aboar en concepto de produtividade dos membros do Corpo da Policía Local que a continuación se relacionan, correspondente o período correspondente ao mes de xullo de 2008, pola realización de xornadas dentro do programa de reforzos, consistente na realización de 6 xornadas de libre disposición que se realizarán dende o 16 de xuño ao 31 de decembro de 2008, segundo as seguintes contías, e que supón un total de 52.985,90 €, con cargo a partida 1210.150000 "Productividade".

N PERSOAL	NOME	GRADO	N XOR	IMPORTE
78129	ABALDE CASANOVA, IVÁN	POLICIA	1	203,96
14315	ABALLE GONZALEZ, MANUEL	POLICIA	1	203,96

N PERSOAL	NOME	GRADO	N XOR	IMPORTE
80597	AGAHWA MARTÍNEZ, CELINA	POLICIA	1	203,96
18282	AGUADO TABOADA, MANUEL FERNANDO	OFICIAL	1	217,23
78743	AIRABELLA MARRA, FRANCISCO JOSE	POLICIA	1	203,96
21137	ALONSO CARIDE, CONSTANTE	POLICIA	1	203,96
79364	ALONSO DUARTE, DAVID	POLICIA	1	203,96
23047	ALONSO IGLESIAS, MANUEL	POLICIA	1	203,96
14255	ALONSO MOREIRA, JOSE LUIS	POLICIA	1	203,96
39(1336).- BASES NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN TAREFAS DE 3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA DISTINTOS SERVIZOS POLO PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 18310/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.08.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 13.07.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con datas 29 de abril e 27 e 28 de maio de 2008, os Xefes dos Servizos de Administración de Tributos, Extinción de Incendios, Xefe da Área de Servizos Xerais e Director do Museo Municipal Quiñones de León, solicitan a contratación urxente por acumulación de tarefas de persoal auxiliar administrativo, os efectos de poder garantir o normal desenvolvemento dos seus respectivos servizos, agravado pola baixas por ILT, vacantes por xubilación, etc, de persoal dos mesmos e, o inmediato comenzo das vacacións estivais do seu persoal.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 11 de xuño pasado, prestou conformidade a referida proposta, ordeando o inicio de expediente de elaboración das correspondentes bases de selección e posterior proposta de nomeamento interino de tres auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas.

Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse 14 prazas de Auxiliar de Administración xeral, quedando un total de catro aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente por acordos do Consello da Xeernicia Municipal de Urbanismo de data 29 de novembro e 28 de decembro de 2007, respectivamente XGL, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada, sendo preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia a formalización do nomeamento interino proposto, que en todo caso deberá ser respetuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2, da Lei 7/2007, do 12 de abril, propoñéndose a selección entre os presentados a través de anuncio publicado nun dos diarios de mais difusión da localidade, por motivos de axilidade.

Fundamentación xurídica

I. Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE Nº 89, do venres 13 de abril do 2007) os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). A selección de funcionarios interinos deberá realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

II. Os funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.

En similar senso se pronuncia o artigo 19 do Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Selección e Ingreso do persoal da Administración Autonómica de Galicia –e que resulta de aplicación en tanto non se opoña ao novo marco normativo de carácter básico que diseña o Estatuto Básico do Empregado Público- cando sinala que o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo, en tanto se destina aos mesmos a funcionarios de carreira.

III. O EBEP tamén diseña novos grupos e subgrupos de clasificación profesional dos empregados públicos, contidos no seu artigo 76; nembargantes, e toda vez que no momento actual o mapa estatal de titulacións académicas universitarias e de formación profesional está pendente de adaptación ao sistema universitario europeo, resulta de aplicación o disposto na Disposición Transitoria Terceira, que establece que ata tanto non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios a que se refira o artigo 76, para o acceso á Función Pública seguirán sendo válidos os títulos universitarios oficiais vixentes á entrada en vigor do Estatuto Básico.

Transitoriamente, os grupos de clasificación existentes á entrada en vigor do EBEP se integrarán nos grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos no dito artigo 76, dacordo coas seguintes equivalencias:

- Grupo A. Subgrupo A1.
- Grupo B: Subgrupo A2.
- Grupo C: Subgrupo C1.
- Grupo D: Subgrupo C2.
- Grupo E: Agrupacións profesionais ás que se refire a Disposición Adicional Séptima (outras titulacións non integradas no sistema educativo segundo se estableza en cada Administración Públicas).

Deste xeito, o posto de auxiliar administrativo/a está encadrado no subgrupo C2, esixíndose a titulación consignada na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo -aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005- que é a de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, e esixíndose adicionalmente como requisitos para o acceso os requisitos xerais consignados no artigo 56 do EBEP.

IV. Como matización última, pero non por iso menos importante, debe salientarse que tras a entrada en vigor do EBEP o pasado 13 de maio do 2007 os órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..) deberán axustarse á nova configuración legal esixida no artigo 60, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, a Lei 7/2007 sinala no devandito precepto que:

“Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e se tenderá igualmente á paridade entre home e muller.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.”

En consulta formulada á Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia por un concello galego en relación ao apartado 2 do artigo 60 e á cal se tivo acceso por esta Unidade de Persoal, a resposta da dita Dirección Xeral foi a que literalmente se transcribe:

“Respecto da aplicación do artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, aos concellos, e en concreto respecto da participación de alcaldes e concelleiros nos órganos de selección, hai que sinalar que dacordo con este precepto o persoal de elección ou designación política NON poderá formar parte dos órganos de selección.

Esta prohibición é taxativa, e o artigo 60, enmarcado dentro do Capítulo I do Título IV, é de aplicación desde o momento de entrada en vigor da Lei.”

En canto á pertenza aos órganos de selección, ésta deberá facerse sempre a título individual, non cabendo ostentala en representación nin por conta de ninguén, como se puxo de manifesto por D^a Julia Marchena Navarro, Directora da División de Consultoría, Asesoramento e Asistencia de Recursos Humanos da Dirección General de Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas (MAP) na “Xornada sobre o Estatuto Básico do Empregado Público” celebrada na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o pasado día 12 de novembro do 2007; xornada que contou asemade coa presenza de representantes das principais forzas sindicais que participaron nas negociacións celebradas con carácter previo á aprobación da dita norma (CCOO, FSP-UXT, CSI-CSIF e CIG).

VI.- Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

VII. Visto o recollido no artigo 37.2.e) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e vistas as atribucións que en materia de persoal e concretamente en canto á aprobación das bases rectoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as, por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL”

I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP-1º Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de inicia-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de entornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (ms office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos entornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o tribunal.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración proporá os/as candidatos/as que obteñan as tres primeiras puntuacións, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas.

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase nun dos diarios de mais difusión deste Concello, por motivos de axilidade. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no taboeiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado no subgrupo C2 de titulación, con título de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo intregados no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal Cualificador e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Ley 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).

T E M A R I O

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 5.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1337).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA TÉCNICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. EXPTE. 18293/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.08.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 21.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

No cadro de persoal municipal correspondente ó presente ano 2008, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 20 de decembro de 2007, figura vacantes, entre outras, unha praza de Técnico/a de Prevención de Risgos Laborais, con postos de igual denominación no Servizo de Persoal, que é necesario cubrir para garantir-lo normal funcionamento do referido Servizo de Prevención.

O Regulamento dos Servizos de Prevención e a modificación posterior R.D.39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. (BOE núm. 27 de 31 xaneiro), recolle no seu artigo 14 a obrigabilidade de constituir un servizo propio de prevención no caso de ser empresas de mais de 500 traballadores. Así mesmo no seu artigo 15 exprésase a necesidade de que “los servicios de prevención propios deberán contar con las instalaciones y los medios humanos y materiales necesarios para la realización de las actividades preventivas que vayan a desarrollar en la empresa...../Dichos expertos actuarán de forma coordinada, en particular en relación con las funciones relativas al diseño preventivo de los puestos de trabajo, la identificación y evaluación de los riesgos, los planes de prevención y los planes de formación de los trabajado-

res. Asimismo habrá de contar con el personal necesario que tenga la capacitación requerida para desarrollar las funciones de los niveles básico e intermedio previstas en el citado Capítulo VI”.

Tendo en conta o numero de traballadores do Concello de Vigo así como os diferentes centros nos que realizan o seu traballo e as características específicas dalguns dos postos de traballo fai imprescindible que o Servizo de Prevención propio este dotado cos medios humanos e materiais necesarios, tal e como recolle a lexislación vixente.

O concelleiro-delegado da área de xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 8 de maio pasado, ordeou a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento ao criterio da Xunta de Goberno Local dunha proposta de nomeamento interino a favor da seguinte aspirante que superou a totalidade dos exercicios das probas selectivas dunha praza de Técnico de Prevención convocada no seu día.

No pasado ano 2004, tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionario/a de carreira dunha praza de Técnico de Prevención de Riscos Laborais, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2002, figurando na acta do tribunal de data 21 de xaneiro de 2004 a correspondente proposta de nomeamento, a favor de D. Aránzazu González Soengas, praza da que tomou posesión o 2 de febreiro seguinte, tralo seu nomeamento por Resolución da Alcaldía de 23 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación das aspirantes que, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de abril de 2008, a interesada foi cesada como funcionaria de carreira con efectos do mesmo día 14 en execución da sentenza do TSXG nº 547/2007 do 30 de maio, recaída no recurso de apelación núm. 166/2007, relativa a praza de Técnico Medio de Prevención de Riscos Laborais, en relación coa sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de 1 de decembro de 2006 (procedemento ordinario 42/04, interposto por D^a. Isabel Cabeza Pereiro).

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 73 da RPT vixente).

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do

persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral”.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno/a.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Persoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura dunha funcionaria interina, con cargo a prazas vacante de Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais, Escala Administración Especial, Subescala, Servizos Especiais, Clase Cometidos Especiais.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo a referida prazas vacante de Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais, á D^a. ARÁNZAZU GONZÁLEZ SOENGAS, con D.N.I. 532.481.598-Z, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Técnico de Prevención de Riscos Laborais, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2002, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Terceiro.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse a mesma, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1338).- MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓN DE INFORMACIÓN E/O ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 5197/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego, do 6.08.08, co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

“Modificar as bases de selección e contratación do persoal para a realización das accións de información e/o orientación e busca de emprego, conforme establece Orde de 24 de marzo de 2008 da consellería de Traballo da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2008, e engadir na cláusula 4.- Procedemento de selección o apartado c coa seguinte redacción:

c) Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.”

42(1339).- PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE EDUARDO CHAO, FASE II-A. EXPTE. 55602/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 8.07.08, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de Reurbanización da Prza. Eduardo Chao. Fase 2A, redactado por PETTRA por un importe total de 171.981,22 €, xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo .

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto de de Reurbanización da Prza. Eduardo Chao. Fase 2A , na cidade de de Vigo .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe máximo con IVE de 171.981,22 € e con cargo á partida 511.0.611.00.38 do orzamento 2008.

Prezo sin IVE: 148.259,68 €

IVE a soportar pola Administración : 23.721,55 €

4º.-Abri-lo procedemento de negociación, invitando a participar a tres empresas para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente. E no prego de condicións administrativas particulares

43(1340).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR Dª Mª DE LOS ANGELES GÓMEZ-ALLER FERNÁNDEZ E OUTROS CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL

POLO QUE SE DABA CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS COTAS DA U.A. 8, AS GRADES. PROPOSTA DE INADMISIÓN.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 30.07.08, conformado polo concelleiro delegado de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

“Inadmitir a trámite o recurso de reposición interposto por D^a M^a de los Angeles Gómez-Aller Fernández e outros contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2007 polo que se daba conta do pase a vía de constrinximento das cotas de urbanización pendentes de aboamento na Xunta de Compensación UA 8-As Grades (exp. 2761/407).”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(1341).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAS DE “MELLORA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO E REPOSICIÓN DO PAVIMENTO DA TRAV. PINO. FASES 1 E 2 RE. 01”. Expte. 55587/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 1.08.08, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Mellora do Abastecemento e saneamento e reposición do pavimento da Trva. Pino. Fases 1e 2 Rev. 01 “ redactado por PETTRA cun un importe total de 220.918,24 €

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras con cargo á partida 4410.611.0000 dos orzamentos polo importe total máximo con IVE de 220.918,24 €, dos que 140.894,24 € corresponden á Fase 1 e 80.024,00 € corresponden á Fase 2. e coa seguinte financiación prurianual :

Presupostos 2008: Fase 1: .

Prezo Fase 1 con IVE : 140.894,24 €

Prezo Fase 2 sin IVE : 121.460,56 €

IVE da Fase 1 a soportar pola Administración = 19.433,69 €

Presupostos 2009 : Fase 2 .

Prezo Fase 2 con VE : 80.024,00 €

Prezo Fase 2 sin IVE : 68.986,20 €

IVE da Fase 2 a soportar pola Administración : 11.037,79 €

4º.- Adquirir o compromiso de incluír nos presupostos 2009 a financiación necesaria para facer fronte o gasto correspondente ás obra da Fase 2

5º.- Abri-lo procedemento de negociación invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de condicións administrativas.

45(1342).- CELEBRACIÓN DA XXX TRAVESIA A NADO EL CORTE INGLES-TROFEO CIDADE DE VIGO-NATACIÓN LARGA DISTANCIA. EXPTE. 7972/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 8.08.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o El Corte Inglés, a organizar o vindeiro domingo, 7 de setembro de 2008, a XXX Travesía a nado El Corte Inglés- Trofeo Cidade- Natación Larga Distancia , dita proba se desenvolverá na praia do Vao e nas inmediacións da Isla de Toralla, nun horario comprendido entre as 9.30 horas e as 14.00 horas”.

46(1343).- CELEBRACIÓN DA “I FESTA ROMANA DE VIGO-VICUS ROMANORUM” NO CASCO VELLO DENDE O DIA 1 ATA O DÍA 7 DE SETEMBRO. EXPTE. 384/107.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Coordinador da Tenencia da Alcaldía, do 22.08.08, conformado polo Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a celebración “I Festa Romana de Vigo-Vicus Romanorum” no Casco Vello dende o día 1 ata o día 7 de setembro.

2.- Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento nos días que duren as actividades (segundo plano que se achega).”

47(1344).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.